



NUMAX PRESENTA:

60 | DICEMBRE 2022



Librería

Lecturas de Nadal



Tac tac tac
VVAA
XERAIS | 32,95€




Los reyes de la casa
Delphine de Vigan
ANAGRAMA | 20,90€




Manifesto Máis alá!
Manuel Antonio e
Álvaro Cebreiro
EDICIÓN EMBORA | 14,50€



Conto ao carón do río
Oihane Amantegi
RODOLFO E PRISCILA | 17€



Dysphoria mundi
Paul B. Preciado
ANAGRAMA | 21,90€



Los chicos de Hidden Valley Road
Robert Kolker
SEXTO PISO | 23,90€



Os cadernos escolares da II República
Miguel Paz Cabo/Victor M. Santidrián Arias
ALVARELLOS | 22,90€



Chapapote
VVAA
LIBROS DEL KO | 22,90€




Islas del abandono
Cal Flynn
CAPITÁN SWING | 22€




El otro lado
Mariana Enriquez
ANAGRAMA | 24,90€



Iliada liberada
Homero
BLACKIE BOOKS | 32,90€



Little neno descubre a David Bowie
Dani Llabrés e Jaime Pantoja
A REIXA PRODUCCIÓN S | 15€



Barroco
Antía Otero
APIARIO | 17€



La ilusión

Antonio Doñate
LA DOCUMENTAL | 16€



MÉRCORES 7 DE DICIEMBRE ÁS 20:30

Presentación de *La ilusión de Antonio Doñate.*

Editado por La Documental. Acompañarán o autor o editor **Álvaro de los Ángeles**, **Cristina García Parga** e **X.Carlos Hidalgo**.



MÉRCORES 14 DE DICIEMBRE ÁS 19:00

Presentación do ensaio *Maternidades virtuosas* de **María do Cebreiro.**

Editado por Galaxia. Premio Ramón Piñeiro 2021. Acompañará a autora a docente **Laura Lojo**.



SÁBADO 17 DE DICIEMBRE
A PARTIR DAS 18:00

Sinatura e retratos en directo con **Patricia Bolaños.**

A autora do libro *New York is the Thing* (Mont Ventoux Editorial), realizará retratos en directo. Achégate se queres levar o teu exemplar dedicado!



Maternidades virtuosas

María do Cebreiro
Rábade Villar
GALAXIA | 16.80€



Un amor antigo

Luisa Castro
GALAXIA | 13.70€



Opálpito interior

Ton Van Vliet
A CENTRAL
FOLQUE | 20€



Detente, Instante. Una historia de la fotografía

VV.AA
FUNDACIÓN JUAN
MARCH | 39.00€




Nos días encantados de agosto. Unha biografía de José Gil

Manolo González
GALAXIA | 26€



Escucha, hermosa Márcia

Marcello Quintanilha
ASTIBERRI | 20€



Revelar a Vivian Maier. La historia no contada de la niñera fotógrafa

Ann Marks
PAIDÓS | 24€



Memorias 1873-1964

Alice Guy
BANDA PROPIA | 20.50€

Lata Mafalda

Quino
LUMEN | 59.90€



e

Cinema

Filme
do mes:

BROKER

ESTREA 21 DEC

Hirokazu Koreeda, 129', KO, VOSG

Con Song Kang-ho, Gang Dong-won

Unha noite chuviosa unha moza abandona o seu bebé ás portas dunha igrexa. O recém nacido é recollido por dous homes que se dedican a roubar bebés abandonados para vendelos a pais dispostos a pagar unha tarifa. Cando a moza regresa arrepenitada, descobre o negocio e decide unirse a eles para encontrar os pais adoptivos máis axeitados para o seu fillo. Nesta inusual viaxe, o destino dos que se cruzan na vida do neno cambiará radicalmente.

O gran director coreano Hirokazu Koreeda (*Un asunto de familia*, *Ninguén sabe*) volve agasallarnos cunha emocionante reflexión sobre os vínculos familiares, desta volta en formato *road-movie*.

🏆 Mellor Actor Cannes 2022

📌 Subtitulada ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

Estreas



A EMPERATRIZ REBELDE ESTREA 2 DEC

Marie Kreutzer, 114', DE, VOSE, +12

Con Vicky Krieps, Colin Morgan

No Nadal de 1877, Sissi Emperatriz celebra o seu 40 aniversario e non hai rastro de felicidade ao seu redor. Abafada polas normas e cun apetito voraz de saber e de vida, Isabel de Austria rebelábase contra as imposicións na busca da emoción da xuventude.

🏆 **Mellor Actriz Un Certain Regard Cannes 2022**



SURO 2 DEC

Mikel Gurrea, 116', CAT, VOSE, +12

Con Vicky Luengo, Pol López

Helena e Iván propóñense construír unha nova vida nun sobreiral, pero os seus diferentes puntos de vista sobre como vivir na terra emerxen, desafiando o seu futuro como parella.

🏆 **Premio FIPRESCI / Cinema Vasco Donostia 2022**



O CORPO ABERTO ESTREA 9 DEC

Ángeles Huerta, 91', GAL, VO

Con Tamar Novas, María Vázquez

1909. Miguel, un mozo profesor, é destinado a unha aldea de montaña inhóspita e con tradicións ancestrais situada na Raia. El é un home de razón pero axiña sente como a escuridade se apodera de todo ao tempo que medra a súa fascinación pola enigmática Dorinda. Adaptación do relato de Xosé Luís Méndez Ferrín «Lobosandaus», incluído en *Arraianos*.

🏆 **Sección Oficial SEMINCI 2022**

📖 *Arraianos*, X. L. Méndez Ferrín
XERAIS, 19,50 €

📅 9 DEC: Presentación e coloquio
con Ángeles Huerta e Tamar Novas



MANTÍCORA ESTREA 9 DEC

Carlos Vermut, 115', ESP, VO, +12

Con Nacho Sánchez, Zoe Stein

Julián é un exitoso deseñador de videoxogos que vive atormentado por un escuro segredo. Cando Diana aparece na súa vida, Julián sentirá próxima a oportunidade de ser feliz.

🏆 **Sección Oficial Sitges 2022**



EL TECHO AMARILLO **ESTREA 16 DEC**

Isabel Coixet, 94', CAT / ESP, VOSE

En 2018 nove mulleres presentaron unha denuncia contra dous profesores da Aula de Teatro de Lleida por abusos sexuais sucedidos cando eran adolescentes. Foi tarde de máis. O que non sabían é que a pesar de que os feitos prescribían, os seus testemuños abrían unha porta na que ao mellor non todo estaba perdido.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2022**



ÉRASE UNA VEZ...

ESTREA 16 DEC

J. Escobar / A. Cirici-Pellicer, 75', ESP, VO, 1950

Un conde e a súa filla viven no fermoso castelo de Aubanel. A moza condesa, pola súa beleza e bondade, é querida por todos os seus vasallos pero maltratada pola súa madrastra. Un dos seus paxes libérraa de semellante escravitude coa axuda dun mago e do seu gato Ulises. Libre adaptación d'*A Cincenta*, de Charles Perrault, codirixida polo pai de *Zipi e Zape*, José Escobar.

🏆 **Klasikoak Donostia 2022**

📅 Sesións do 17 e 18 incluídas no programa Petis NUMAX

📅 16 DEC: Presentación do xornalista Alejandro Macías



A NOVELISTA E O SEU FILME **ESTREA 28 DEC**

Hong Sang-soo, 92', KO, VOSG, +7

Con Lee Hyeyoung, Kim Minhee

A famosa novelista Junhee reúnese con dúas amigas. Unha delas deixou a escritura para abrir unha librería; a segunda é cineasta e nunca chegou a adaptar o libro de Junhee que tiña planeado. Pero o máis desconcertante é que a propia Junhee non publicou nada desde hai un tempo.

🏆 **Gran Premio do Xurado Berlinale 2022**



R.M.N. **28 DEC**

Cristian Mungiu, 125', RO, VOSE

Con Marin Grigore, Judith State

Uns días antes do Nadal, Matthias volve á súa vila natal situada na multiétnica Transilvania. Tenta implicarse máis na educación do seu fillo e axudarlle a superar os seus medos irracionais. Cando a fábrica que dirixe a súa ex-moza decide contratar empregados estranxeiros, a paz desta pequena comunidade verase perturbada.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2022**

Petís Numax



OPERACIÓN PAPÁ NOEL 3-4-6-8 DEC

VV.AA., 56', VE, +5

William, de 10 anos, vive nunha enorme mansión cos seus pais millonarios, case sempre ausentes. Afeito a telo todo, pide un agasalho moi particular para este Nadal: Papá Noel en persoa. Un programa con catro curtametraxes de Nadal con aventuras sorprendentes, emocións e moita, moita nieve!



KING KONG 11-12 DEC

Merian C. Cooper / Ernest B. Schoedsack,
100', ING, VOSE, 1933, +7

Con Fay Wray, Robert Armstrong

Unha equipa de cinema emprende unha rodaxe na misteriosa illa de Teschio, ao leste de Sumatra. Alí os recién chegados descubren a existencia dunha civilización prehistórica e dunha tribo ancestral que secuestra a Ann, actriz protagonista, para ofrecela en sacrificio ritual a King, un enorme gorila.



O PEQUENO NICOLÁS 24-29 DEC

Amandine Fredon /
Benjamin Massoubre, 82', VE, +7

Marabillosa peza de animación en acuarelas que relata a historia detrás d'*O pequeno Nicolás*, célebre serie de libros infantís creados polo guionista René Goscinny (creador de *Astérix*) e o debuxante Jean-Jacques Sempé.

🎬 Mellor Filme Annecy 2022

📖 *O nicolasño*, Goscinny-Sempé,
OBRADOIRO, 10,60€



INSPECTOR SUN Y LA MALDICIÓN DE LA VIUDA NEGRA 31 DEC - 5 XAN

Julio Soto, 82', VE, +5

Shanghái, 1934. Nun mundo de insectos paralelo ao dos humanos, o veterano Inspector Sun, unha araña solitaria, lidera a súa derradeira misión contra Lagosta Vemella. As súas vacacións acaban de vez cando o millonario Dr. Spindelthorp aparece asasinado. O que comeza como un caso rutinario para Sun, decidirá finalmente o destino da humanidade.

🎬 Filme especialmente recomendado para a infancia (ICAA)

Os Ollos Verdes



MATADERO 12-19 DEC

Santiago Fillol, 106', ESP, VO, +16

Con Julio Perillán, Malena Villa

En 1974, un cineasta chega á pampa arxentina para rodar unha fábula sobre a loita de clases entre un grupo de traballadores asasinados polos seus xefes.

🏆 **Mellor Fotografía —Mauro Herce— Sevilla 2022**



Foco Jean Rouch

OS AMOSTOLOS + EU, UN NEGRO 13 DEC

Jean Rouch, 28' + 70', FR, VOSE, 1955 / 1958

Enceta o foco dedicado ao pai da antropoloxía cinematográfica e creador do *Cinema vérité*, Jean Rouch. Esta primeira sesión inclúe unha mítica curtametraxe que pescuda nas pegadas do colonialismo nos rituais africanos) e un experimento con seis mozos que interpretan os seus propios papeis.


📌 Presenta o profesor Julio Vilariño (Cineclub de Compostela)



A PIRÁMIDE HUMANA 20 DEC

Jean Rouch, 90', FR, VOSE, 1961

A chegada dunha nova alumna é o punto de partida dunha análise das relacións interraciais nun instituto de Abidján, en Costa de Marfil. Reunido por Jean Rouch, o alumnao interpreta o seu propio personaxe.



A CAZA DO LEÓN CON ARCO 27 DEC

Jean Rouch, 70', FR, VOSE, 1965

Documental sobre un costume ancestral de caza dun pobo situado na fronteira entre Malí e Níxer no que o gando paze no monte e leóns e vacas lévanse ben. Os leóns devoran de cando en vez algunha res enferma o que na tribo local se considera unha beizón. Ás veces os leóns rompen o pacto e é entón cando comeza a súa caza.

Especial Béla Tarr




HARMONÍAS DE WERCKMEISTER 6 E 10 DEC

Béla Tarr, 139', HU, VOSE, 2000

Á cidade chega un espectáculo ambulante que promete exhibir a balea máis grande do mundo. Esperta tamén unha gran curiosidade unha figura misteriosa e imprevisible á que chaman o Príncipe.

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica